

**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI
CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.**

<u>CONCELLEIROS ELECTOS:</u>	
	GRUPO POLÍTICO
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
D Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraíz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D Roberto Jorge Correa.	BNG
<u>SECRETARIA:</u>	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernández.	
<u>AUSENTES:</u>	

En Forcarei a 13 de xuño de 2015 sábado, sendo as doce horas e cinco minutos, no Salón de Actos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros electos nas eleccións celebradas o 24 de maio de 2015, que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión constitutiva da Corporación Pleno, en cumprimento do establecido nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 (LOREG), 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Previamente estes membros presentaron na Secretaría Xeral do Concello as credenciais acreditativas da súa proclamación, segundo no recollido no artigo 7 do ROF. Presentaron asemade as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e causas de posible incompatibilidade, de acordo co establecido no artigo 75 da LRBRL e 38 do ROF. Están presentes a totalidade dos concelleiros electos, e por tanto o quórum necesario, pasando a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.

Procedese a forma-la Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de máis idade de entre os asistentes, D. José Francisco Bouzas Vázquez, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén entre os asistentes, D. Alejo Vidal Moreno, actuando como Secretario o da Corporación, Dna. M^a Elena Sueiro Fernández.

2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, XURAMENTO OU PROMESA DOS SEÑORES CONCELLEIROS E DE DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

Unha vez constituída a mesa de idade, pola mesma procédese a comproba-las credenciais presentadas e a acreditación da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona.

Seguidamente cúmprese o requisito de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108 da LOREG, baixo a seguinte fórmula: "Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Forcarei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado". Os concelleiros electos utilizaron a modalidade de xura ou promesa:

D ^a . Belen Cachafeiro Anta	Xuramento
D. Ricardo Villaverde Iglesias	Xuramento
D ^a M ^a Jesús Sineiro Vidal	Promesa
D. Vicente Búa Martínez.	Xuramento
D. Alejo Vidal Moreno.	Promesa
D. José Francisco Bouzas Vázquez	Xuramento
D ^a . Ana Isabel Doval Fraíz.	Promesa
D. Miguel Pereira Fernández .	Promesa
D. José Manuel Alvarez Sanmartín	Promesa
D ^a . María Abilleira Pomar.	Xuramento
D. Roberto Jorge Correa.	Xuramento

Comprobando que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da citada LOREG e 37.4 do ROF, e dicir a maioría absoluta dos concelleiros electos, neste caso a totalidade, pola Mesa de Idade declárase constituída a Corporación do Concello de Forcarei.

3. ELECCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN.

Procédese, acto seguido, e de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, (LOREG), a proclamación de candidatos para a elección do Alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando proclamados os seguintes:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	CANDIDATURA
DONA BELÉN CAHAFEIRO ANTA.	P.P.
DONA ANA ISABEL DOVAL FRAÍZ.	PS de G. PSOE
DONA MARÍA ABILLEIRA POMAR.	F.F
DON ROBERTO JORGE CORREA.	BNG

Posteriormente procedese á elección do Alcalde, sendo chamados cada un dos dos concelleiros electos e proclamando o seu voto o candidato. Os membros do Partido Popular D^a. Belen Cachafeiro Anta, D. Ricardo Villaverde Iglesias, D^a M^a Jesús Sineiro Vidal, D. Vicente Búa Martínez, D. Alejo Vidal Moreno e D. José Francisco Bouzas Vázquez, dan o seu voto a candidata DONA BELÉN CAHAFEIRO ANTA.

Os membros do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, D^a. Ana Isabel Doval Fraíz, D. Miguel Pereira Fernández e D. José Manuel Alvarez Sanmartín, dan o seu voto a candidata D^a ANA ISABEL DOVAL FRAÍZ.

O membro de Foro Forcarei F.F, D^a María Abilleira Pomar da o seu voto a DONA MARÍA ABILLEIRA POMAR.

O membro do BNG, D. Roberto Jorge Correa, da o seu voto a DON ROBERTO JORGE CORREA.

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	VOTOS OBTIDOS
DONA BELÉN CAHAFEIRO ANTA.	6
DONA ANA ISABEL DOVAL FRAÍZ.	3
DONA MARÍA ABILLEIRA POMAR.	1
DON ROBERTO JORGE CORREA.	1

Obtendo a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros, segundo o recollido no artigo 196 b) da LOREG, é proclamada Alcaldesa deste do Concello de Forcarei, **Dna. Belén Cachafeiro Anta,**

integrada na lista ou candidatura do Partido Popular. A continuación xura o seu cargo de Alcaldesa seguindo a fórmula: "Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcaldesa do Concello de Forcarei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado", tomando posesión do mesmo neste mesmo acto. O Presidente da Mesa de Idade, entrégalle o bastón de mando da Alcaldía. A continuación procede a exposición dun pequeno discurso.

4. DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TESOURERÍA A 12 DE XUÑO DE 2015 , E DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO MUNICIPIO.

De seguido a Secretaria-Interventora da lectura a acta de arqueo extraordinario redactado con motivo da Constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal e nas Entidades Bancarias, así como a documentación relativa ó Inventario do Patrimonio municipal, de acordo có preceptuado no artigo 36.2 do ROF., no 86 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e no 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, estado os documentos presentes no dito acto e a disposición dos Sres. Concelleiros.

As existencias na Caixa de Tesoureira e nos diferentes entidades bancarias a esta data, suman un total de cinco centos cuarenta e catro mil novecentos trinta e nove euros con oitenta e seis céntimos de euro (544.939,86) Euros.

O Pleno toma coñecemento dos mesmos.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e vintecinco minutos, co que se dá por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, comigo Secretaria, de todo o cal eu, dou fe.

Vtº e P.
A Alcaldesa,

Asdo: Belén Cachafeiro Anta

Secretaria

Asdo: Mª Elena Sueiro Fernández